

Nota de prensa
do SLG

08-10-2008

O SLG pon a disposición dos MVMC afectados un modelo de alegación ao cobro do IBI

Na mañá de hoxe, o Sindicato Labrego Galego canda representantes de Montes Veciñais en Man Común (MVMC), denunciaron en rolda de prensa en Lugo o cobro que se está a efectuar ós MVMC de Samos, Láncara, O Páramo, Incio, Sarria, Navia de Suarna e As Nogais.

Malia que a **Lei 13/89 do Parlamento de Galiza, Lei de Montes Veciñais en Man Común**, especifica no seu Art.2 que os montes veciñais en man común non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial, varias administracións locais da provincia de Lugo estanlles a facer efectivo o cobro do Imposto de Bens Inmóbles (IBI).

Tras transmitírsenos este feito, o SLG procede á posta en coñecemento público do mesmo, e proporciona aos MVMC afectados **un modelo de alegación co obxectivo de solicitar a baixa no I.B.I de devanditas comunidades**, así como a devolución de todas as cotas aboadas.

Moitas grazas pola vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Charo Sánchez Parga, Secretaria de Medioambiente, Terra e Montes

TLF: 669 651 700

Benxamín Valboa, Presidente da Mancomunidade de Montes de Toca (Samos)

TLF: 678 786 453

Manolo Díaz, Presidente da MVMC de Lamagrande (Láncara)

TLF: 610 38 87 42